

galicia

Microteatro psicopático

Microteatro psicopático estrea mundial

con Carlos Álvarez-Ossorio (director teatral) e
Óscar Carmona (compositor)

mércoles 21 setembro
20:30 h

Museo de Arte Contemporánea
Gas Natural Fenosa
(A Coruña)

DO
AUDIBLE

Máis información:
cultura.gal
vertixesonora.net

2016

MÚSICA EN DIÁLOGO
COA ARTE,
COA CIENCIA
E CO PENSAMENTO
CONTEMPORÁNEOS

Colabora:

gasNatural
fenosa **mac**

vertixe sonora
ensemble

 XUNTA
DE GALICIA

Microteatro psicopático

Unha achega á obra de Javier Tomeo

Oito músicos e electrónica que discorren nos mundos literarios do escritor aragonés: saxo, trompeta, guitarra eléctrica, piano ou teclado, percusión, cello, contra baixo e electrónica.

Son aragonés, non podo escribir máis que negro e Buñuel é o meu Deus; quizais tivo a culpa a pintura de Goya.

Javier Tomeo

Levabamos tempo traballando na posibilidade de iniciar unha conversa entre Carlos Álvarez-Ossorio e Óscar Carmona. Fixo falta atopar a Javier Tomeo para que a lideira xermolase. Un triángulo de transgresión literaria, musical, teatral que incorpora exploracións semiolóxicas nunha linguaxe fondamente destilada e pouco usual.

Teatro psicopático indaga formas complexas de comunicación e interacción entre os sons, a imaxe e o xesto. É unha mestura de realidade e ficción nun proceso continuo de hibridación monstruosa que se achega ás últimas investigacións sobre a comunicación e a linguaxe.

Os actores-músicos e os músicos-actores desenvolven unha experiencia teatral e musical estendida que traduce en música as palabras, as voces, os rúidos, a xestualidade, a linguaxe, o espazo escénico, os vídeos, a luz... e eliminan fronteiras entre acción musical e teatral para izar un idioma universal que, desbotadas as prerrogativas do sentido, non precisa do texto para propender cara a emocións agachadas.

Un teatro de sons que exemplifica algún tipo de conversa preverbal, na que o todo sonoro (tamén o deforme, o aberrante, o contrafeito, o grotesco, o espantoso, o horripilante, o xigantesco, o esaxerado, o desmesurado, o inhumano, o cruel) desenvolve interaccións complexas: uns en relacións cos outros. Encontros e interaccións eminentemente sociais que provocan reaccións e reflexións poboadas de criaturas aberrantes. Absurdo kafkiano en espazos e situacións normalizadas.

Miguel Sancho, marzo 2016

vertixe sonora ensemble

Pablo Coello *saxofón* / Alejandro Vázquez *trompeta* / Criptana Angulo *violonchelo* Antonio Romero *contra baixo* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / David Durán *piano* Ángel Faraldo *electrónica* / Ramón Souto *dirección*

A OBRA MICROTEATRO PSICOPÁTICO: palabras perdidas, monstros e espazos misteriosos

Moitos anos atrás, mentres paseaba fronte a unha pequena librería do centro da miña cidade, un libriño silencioso chamou a miña atención. Tratábase das *Historias mínimas* de Javier Tomeo, unha colección de contos breves, de microhistorias, imaxes, momentos, poemas, sensacións, nostalxias, fotografías literarias, sorrisos, portas que se abren ou, como lle chamaría o mesmo Tomeo, un microteatro psicopático. Ese pequeno libro acompañoume á casa e, aínda que pareza total e absolutamente clixé, cambioume completamente, non só no aspecto literario (naqueles días ocupaba moito do meu tempo en escribir literatura), senón tamén no musical, no poético, no estético.

Tempo despois, decidínme a escribirlle ao autor daquelas páxinas e ludicamente intercambiamos un par de mensaxes electrónicas, con fragmentos de historias inconclusas, palabras perdidas e viaxes nas profundidades electrónicas.

Hoxe, máis de dez anos despois e logo de ler moitísimos dos seus textos, interésame realizar un traballo cruzado, que dea conta do seu mundo literario, das súas criaturas asimétricas, dos seus monstros, pero tamén do noso encontro virtual. Un cruzamento entre o literario e o real, do ritmo escrito ao ritmo sonoro, da palabra acompañada de música á música acompañada de palabra ou a palabra feita música e tamén viceversa. En fin. Desde unha banda sonora ata un teatro musical, unha colección de imaxes, de teatro sonoro, de contos breves ou microhistorias, de reflexións musicais, de espazos virtuais perdidos que se recrean nunha instancia musical lúdica ou simplemente nunha mestura sen apelidos, unha combinatoria entre a literatura de Tomeo e a miña música, e tamén entre a miña literatura e a súa musicalidade, entre os espazos virtuais comparados, o non escrito, o imaxinado...

Hai palabras escritas que non merecen estar en ningures por malas. As nosas, obviamente, merecen outro destino.

Javier Tomeo

Óscar Carmona, xaneiro 2016

O COMPOSITOR Óscar Carmona

Músico, compositor, pianista, improvisador, escritor e artista interdisciplinario. A súa tarefa actual está orientada principalmente á improvisación, á creación musical e á experimentación coas posibilidades expresivas que ofrecen as novas tecnoloxías.

Obtivo o grao de licenciado en Composición na Universidade de Chile e continuou os seus estudos realizando o curso de composición e novas tecnoloxías do instituto IRCAM, en París (Francia).

Como compositor, creou música para diversos instrumentos e formacións instrumentais, desde o piano ata a orquestra sinfónica, e tamén para medios electrónicos e multimedia. A súa música foi interpretada tanto en Chile como en diversos países como Francia, Os Países Baixos, A Arxentina, Eslovenia, Croacia, O Xapón, Suíza, O Brasil, Os Estados Unidos e Lituania, entre outros. Como improvisador indagou principalmente no piano e a electrónica, pero tamén con instrumentos inventados, obxectos, micrófonos, cámaras e creación audiovisual en directo.

Os seus intereses levárono a tomar distancia das categorías disciplinares habituais e a instalarse en espazos intermedios nos que poder desenvolver, a través de novas linguaxes, experiencias estéticas que lle permitan ao espectador unha participación activa, identificándose coa obra e mesmo modificándoa. Así xurdiu o colectivo Cattus, xunto ao cal creou as obras *O gato de Schroedinger* e *Anamorfose*, obras interdisciplinares que incorporan live cinema, improvisación, música, performance, multiproxeccións, mapping, poesía etc.

Actualmente forma parte de RubikEnsamble, un ensemble dedicado ás músicas actuais onde participa como compositor, pianista e artista visual; do Granat Ensemble, un ensemble dedicado a reformular o repertorio clásico a través da incorporación de medios electrónicos e visuais; de Cattus Colectivo, agrupación interdisciplinar onde participa como creador, performer, músico e artista multimedia; e da Compañía de Papel, compañía de danza dirixida por Andrés Cárdenas onde desenvolve tarefas como músico e compositor.

Foi docente na Universidade de Chile, Universidade Arcis e Universidade das Américas, na que exerce na actualidade.

O ACTOR

Carlos Álvarez-Ossorio

Carlos Álvarez-Ossorio é un director, actor e autor teatral e audiovisual nacido en Sevilla en 1973. Licenciado en Comunicación Audiovisual pola Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Sevilla, estudou tamén na Escola de Dirección Escénica do Instituto Andaluz do Teatro e formou parte do Centro de Investigación Teatral Territorio Nuevos Tiempos (TNT) de Sevilla. Traballou, entre outros, con mestres do Odin Teatret, do Berliner Ensemble, da Escola Biomecánica Rusa, da London Academy of Performing Arts e do Toneelgroep Amsterdam.

Foi director artístico e técnico de distintos festivais, director convidado ao encontro europeo Connaître, produire, jouer le jeune théâtre européen, organizado en Francia pola Convención Teatral Europea; director convidado aos Encontros de Creación Contemporánea en Magalia, organizado pola Rede de Teatros Alternativos, e participante na ISTA (International School of Theatre Atropology), ademais de escribir artigos e impartir obradoiros, cursos e conferencias ao redor das artes escénicas. Publicou o manual *Ferramentas para o diálogo teatral* (editorial Casahamlet).

En 1996 funda a compañía Cámara Negra, da que é director, e coa que montou textos de Shakespeare, Chejov, O'Neill, Müller, Ibsen, Dostoievski, Visniec ou Koltés, cos que obtén diversos premios, como o Premio José Luis Alonso da ADE 2006 para directores mozos, o Premio MAX 2007 ao Mellor Autor en Galego, o Premio Pano Chivas 2004 ao Mellor Autor Veterano e o Premio ao Mellor Actor na IX Mostra de Teatro de Barcelona 2004.

Ademais de coa súa compañía, traballou como director, entre outros, co Centro Andaluz de Teatro, coa Convención Teatral Europea e co Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida, ademais de con diversos grupos alternativos, e obtivo o Premio Jara do Teatro Profesional Extremeño 2009 ao Mellor Director. As súas montaxes viaxaron por toda España, por Francia, Cuba, Grecia, Alemaña e Malta.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela), o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons na cidade de Lugo son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas.

O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

DO AUDIBLE

Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia que procura achegar puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos na conquista dunha percepción musical máis consciente.

Do Audible actualiza as rutinas de escoita coa aspiración de recuperar o concerto de música como experiencia privada de auténtica transformación. Unha conmoción reveladora que devolva a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano.

Cada concerto organízase arredor dun foco temático e interactúa coa palabra cómpli-ce de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación do feito musical que resulten enriquecedoras para os oíntes.

Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrea as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comunión da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.

Do Audible 2016 – vindeiros concertos

Turbulencias ou a idea de espazo

Con Arturo Leyte (filósofo) e Luc Döbereiner (compositor)
martes 4 de outubro ás 20:30 h
Facultade de Belas Artes (Pontevedra)

Do Audible 2016 – concertos anteriores

Coma espellos dun calidoscopio

Con María do Cebreiro (poeta) e Elena Rykova (compositora)
martes 7 de xuño ás 20:30 h
Edificio de Ferro do campus de Ourense da UVigo (Ourense)

Sete derradeiras comidas

Con UMS'n JIP (agrupación convidada 2016)
mércores 22 de xuño ás 20:30 h
Espacio Sirvent (Vigo)